



CARTA DE SERVICIOS 2024/2027

Instituto Social de la Marina



@dministración
electrónica



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL
Y MIGRACIONES

SECRETARÍA DE ESTADO
DE LA SEGURIDAD SOCIAL
Y PENSIONES



INSTITUTO SOCIAL
DE LA MARINA



DEPOSITO LEGAL:

M-8791-2024

NIPO:

123-24-042-8

NIPO WEB:

123-24-039-4

<http://www.seg-social.es> <https://sede.seg-social.gob.es>

Nesta publicación utilízouse papel reciclado libre de cloro de acordo cos criterios ambientais da contratación pública



CARTA DE SERVIZOS 2024/2027

Instituto Social da Mariña



ÍNDICE

06 INTRODUCCIÓN

08 I. DATOS IDENTIFICATIVOS
E FINS DO INSTITUTO SOCIAL
DA MARÍÑA

09 II. RELACIÓN DE SERVICIOS
PRESTADOS

15 III. DEREITOS DOS
CIDADÁNS

17 IV. PARTICIPACIÓN DE
CIDADÁNS E USUARIOS

18 V. NORMATIVA
REGULADORA

25 VI. PRESENTACIÓN DE
QUEIXAS E SUXESTIÓNS
SOBRE O FUNCIONAMENTO
DOS SERVICIOS

26 VII. COMPROMISOS
DE CALIDADE



30 VIII. INDICADORES PARA O
SEGUIMENTO E A AVALIACIÓN
DO CUMPRIMENTO DOS
COMPROMISOS

33 IX. SISTEMAS DE ASEGURAMENTO
DA CALIDADE

35 X. MEDIDAS PARA A IGUALDADE
EFECTIVA DE MULLERES
E HOMES

36 XI. MEDIDAS QUE FACILITAN O
ACCESO AO SERVIZO E MELLORAN
A SÚA PRESTACIÓN

39 XII. MEDIDAS DE
EMENDA

40 XIII. DIRECCIÓNS POSTAIS,
TELFÓNICAS E ELECTRÓNICAS

49 OUTROS DATOS
DE INTERESE



INTRODUCCIÓN

O Instituto Social da Mariña (ISM) encóntrase comprometido cun proceso de xestión da calidade na súa organización, iniciado xa en 2000, coa realización de diversas actuacións, hoxe integradas no marco xeral para a mellora da calidade na Administración Xeral do Estado, establecido polo Real Decreto 951/2005, do 29 de xullo. Todas as accións desenvolvidas en materia de calidade -avaliacións conforme ao Modelo de Excelencia EVAM, autoavaliacións conforme ao Modelo Europeo de Excelencia EFQM, implantación dun sistema de xestión da calidade conforme a normas ISO en determinados ámbitos, implementación das accións de mellora derivadas de todo iso, etc.- diríxense á mellora continua na prestación de servizos ás persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, dentro dun sistema de xestión da calidade total, e coa intención decidida de continuar estendendo, sistematizando e incardinando todas estas actuacións de mellora da calidade na cultura do ISM.

Ademais, a súa xestión debe cumprir estándares de calidade específicos establecidos nos convenios internacionais e adaptouse aos novos medios dispoñibles na actualidade para dar servizo ao colectivo. Neste sentido en 2015 aprobouse a Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro.

Neste contexto preséntase este documento de compromiso cos cidadáns adoptado polas persoas que prestamos servizos no ISM, compromiso que se deriva da súa misión, visión e valores, tal como os entendemos, expresados formalmente na Resolución do 27 de xullo de 2023, da Directora do Instituto, pola que se procede á aprobación das respectivas definicións:

01



MISIÓN

↓
É misión do Instituto Social da Mariña proporcionar unha protección social integral ás persoas traballadoras do sector-marítimo mediante a formación profesional marítima e sanitaria, a atención sanitaria -preventiva en terra e asistencial a bordo e no estranxeiro-, e a xestión do seu Réxime Especial de Seguridade Social.

02



VISIÓN

↓
O Instituto Social da Mariña aspira a conseguir os mellores estándares de calidade na xestión dos servizos públicos encomendados e persegue ser o referente na protección social e promoción profesional das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro a nivel nacional e internacional, buscando o recoñecemento da excelencia co mínimo custo para a sociedade.

03



VALORES

↓
O Instituto Social da Mariña recoñécese nos seguintes valores corporativos:

- ✓ Profesionalidade e especialización das persoas da organización, reflectidas nun profundo coñecemento do sector para o que traballan, garantindo o respecto aos dereitos e ás liberdades fundamentais do cidadán.
- ✓ Proximidade e orientación ao usuario na xestión dos seus trámites fomentando a participación cidadá a través das distintas canles de comunicación, xa sexa presencial ou telematicamente e atendendo ás novas necesidades e demandas do sector.
- ✓ Innovación, modernización e adecuación ás novas tecnoloxías.
- ✓ Transparencia na xestión, con rendición de contas á sociedade.
- ✓ Responsabilidade social e compromiso co medio, impulsado e facilitando a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible.





I DATOS IDENTIFICATIVOS E FINS DO INSTITUTO SOCIAL DA MARÍNA

En virtude das normas que regulan o seu réxime xurídico, o ISM constitúese como unha Entidade de ámbito nacional de dereito público, con personalidade xurídica propia, que actúa baixo a dirección e tutela do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, adscrita á Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións, e que ten unha dobre dimensión de competencias: como organismo encargado da atención social do sector marítimo-pesqueiro, tanto en España coma no estranxeiro, e como entidade xestora do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar.

A SÚA ESTRUCTURA ORGÁNICA É A SEGUINTE:

- No ámbito central: a Dirección, como órgano de dirección e xestión da que dependen as Subdireccións Xerais de Acción Social Marítima e de Seguridade Social dos Traballadores do Mar, e a División de Administración e Análise Presupostaria.
- Na periferia: 25 direccións provinciais das que dependen, á súa vez, 95 direccións locais, distribuídas en número variable segundo a provincia. Ademais dos Centros Nacionais de Formación Marítima.





II RELACIÓN DE SERVICIOS PRESTADOS

Ao ISM, como organismo específico e unitario de xestión e protección dos traballadores do mar, correspóndenlle as competencias e funcións que se resumen a continuación:

XESTIÓN DA SEGURIDADE SOCIAL DOS TRABALLADORES DO MAR:

En colaboración coa Tesourería Xeral da Seguridade Social:

- A inscrición de empresas e a asignación de código de conta de cotización principal.
- A apertura, variación e baixa de códigos de cotización.
- A afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores do mar.
- A asignación de número de Seguridade Social.
- A información sobre o ámbito subxectivo de aplicación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, sobre os requisitos e documentación necesarios para proceder a tramitar os movementos de inscrición, afiliación, altas e baixas, así como asesoramento personalizado para cubrir os modelos de solicitude.
- O trámite e a resolución de convenios especiais do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar.
- A emisión de certificados de situación e de vida laboral.
- A recadación e o control da cotización do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar.

O recoñecemento e mantemento do dereito a prestacións de:

- Asistencia sanitaria.
- Xubilación.
- Incapacidade permanente: parcial, total para a profesión habitual, absoluta, grande invalidez e lesións permanentes non invalidantes.
- Morte e supervivencia: viuvez, orfandade, en favor de familiares e auxilio por defunción.
- Incapacidade temporal, nacemento e coidado de menor, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, corresponsabilidade no coidado do lactante, coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave.
- Prestación contributiva de desemprego, subsidio, subsidio extraordinario de desemprego e renda activa de inserción, expedientes de regulación de emprego temporal (ERTE), así como a prestación por cesamento de actividade.
- A revalorización anual das pensións dos beneficiarios do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar.

- Estudos previos de xubilación e de informes de bonificación de idade por aplicación de coeficientes redutores da idade de xubilación.
- Comunicacions personalizadas sobre as modificacións e variacións de prestacións en vigor e a súa causa.
- Certificacións de prestacións recoñecidas e de retencións practicadas sobre estas.
- Emisión da tarxeta sanitaria europea e de formularios de dereito a asistencia sanitaria prestada noutros Estados ao abeiro de instrumentos internacionais de Seguridade Social.
- Reembolsos -a particulares ou entre institucións competentes- pola asistencia sanitaria prestada noutros Estados ao abeiro de instrumentos internacionais de Seguridade Social.
- Información sobre as distintas prestacións e as súas condicións de acceso, así como asesoramento personalizado para cubrir os modelos de solicitude.
- Información sobre servizos prestados e presentación de solicitudes, escritos e comunicacións presencialmente ou a través do rexistro electrónico da Sede Electrónica da Seguridade Social.

Como Organismo Intermedio de Xestión do Programa Operativo do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca:

- A tramitación e resolución de axudas por paralización de actividades pesqueiras, en virtude de delegación de competencias Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

EMPREGO:

- Nas comunidades autónomas de Canarias e Madrid, así como nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla -onde as políticas activas de emprego xestionadas polo ISM non foron transferidas-, a realización das actividades relativas ao emprego no sector marítimo: intermediación no mercado laboral, rexistro de contratos, demandas de emprego, accións de orientación, formación ocupacional, etc.

ASISTENCIA SANITARIA:

- A asistencia sanitaria dos traballadores do mar e os seus beneficiarios nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

MEDICINA ASISTENCIAL:

- Asistencia socio-sanitaria integral aos traballadores do mar en augas internacionais (tratamento e seguimento médico, aten-



ción social e, se é o caso, repatriación e evacuación de tripulantes), a través do Centro Radiomédico e os Centros Asistenciais do ISM en: NOUADHIBOU (Mauritania), MAHE-VICTORIA-NEW PORT (Seychelles) cuxo médico desprázase ata DIEGO SUÁREZ (Madagascar) para prestar asistencia médica á frota e WALVIS BAY (Namibia). Asistencia sanitaria en DAKAR (Senegal).

- Prestación mutua de asistencia sanitaria en cooperación cos buques da armada, á frota pesqueira de bandeira española que faena no Índico, en coordinación co Centro Radio Médico Español e o Centro Asistencial, no estranxeiro, de Seychelles, para o que se conta co convenio de colaboración subscrito en 2017 entre o Ministerio de Defensa e o Instituto Social da Mariña.
- Atención por consulta radiomédica, sen limitación xeográfica, por facultativos propios, co apoio de tecnoloxías de telemedicina para a recepción de imaxes e datos clínicos. Servizo dispoñible as 24 horas do día, ininterrompidamente, os 365 días do ano.
- Asistencia sanitaria, marítima e de salvamento aos traballadores do mar, a través dos buques asistenciais do ISM, que se sitúan nas zonas de maior concentración de frota española, brindando unha atención sanitaria e técnica “in situ” a calquera barco que o solicite e que se encontre dentro da súa zona de operacións.

O buque Esperanza del Mar navegou, dende o 14 de abril de 1982, na costa occidental de África ao sur das Illas Canarias e entre as Illas Azores e o Golfo de Biscaia, en diferentes caladoiros de pesca en función da maior concentración de buques. Dende xuño de 2019 vén operando tamén polo Atlántico Norte e entre as Illas Azores e o Golfo de Biscaia. Ten a súa base no porto das Palmas.

O buque Juan de la Cosa, herdeiro dos barcos de apoio que, dende 1992, prestaron servizo nas sucesivas campañas de Asistencia Médica Embarcada (AME), opera dende o 20 de xullo de 2006 no Atlántico Norte e entre as illas Azores e o Golfo de Biscaia, dependendo da evolución das campañas de pesca de anchoa, bonito e peixe espada e a súa base encóntrase no porto de Santander.

Ambos os dous buques prestan os seguintes servizos de carácter sanitario, marítimo e de salvamento:

- Asistencia sanitaria mediante consulta telemédica aos buques que o soliciten.
- Asistencia sanitaria a bordo dos buques solicitantes cando a situación o requira, mediante a presenza do persoal sanitario que se considere adecuado e coa axuda do material médico portátil que sexa preciso.
- Asistencia sanitaria a bordo dos propios buques asistenciais para consulta ambulatoria ou hospitalización, cando así se aconselle polos médicos e as condicións meteorolóxicas e técnicas o permitan.



- Intervencións cirúrxicas menores e outras accións terapéuticas que conduzan á curación ou, se é o caso, á estabilización clínica para o traslado a centros hospitalarios en terra.
- Evacuacións dos pacientes que o precisen, coa colaboración dos correspondentes Centros de Coordinación de Salvamento -Marine Rescue Coordination Centers- (MRCC), a Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (SASEMAR), o Servizo Aéreo de Rescate (SAR), os centros asistenciais do ISM no estranxeiro e as autoridades consulares españolas.
- Información sobre uso, revisión e mantemento das caixas de primeiros auxilios a bordo, así como sobre profilaxe ante enfermidades importantes e en materia de prevención de riscos.
- Asistencia marítima augada, combustible, reparacións, electricidade e/ou propulsións aos buques que o requiran, cando estea afectada a súa seguridade e as condicións meteorolóxicas e técnicas o permitan.

Estes servizos préstanse ao atender as regulamentacións nacionais e internacionais vixentes.

MEDICINA PREVENTIVA:

- Recoñecementos médicos de embarque marítimo (RMEM).
- Verificación das condicións hixiénico-sanitarias das embarcacións.
- Educación e información sanitaria dos traballadores do mar, que inclúen as campañas de divulgación, prevención e promoción da saúde.
- Campañas de vacinación a traballadores do mar en Centros de Sanidade Marítima




en coordinación coas consellarías de sanidade das comunidades autónomas.

- Estudos epidemiolóxicos.
- Comunicación da proximidade da caducidade da validez do recoñecemento en vigor.

REVISIÓN DE CAIXAS DE PRIMEIROS AUXILIOS:

- Revisión e control da actualización do contido e da conservación de todos os tipos de caixas de primeiros auxilios que deben levar a bordo as embarcacións que poderá ser online (documental) ou presencial nos Centros de Sanidade Marítima para caixas de primeiros auxilios portátiles (tipo C).
- Información e sensibilización para impulsar a revisión, uso e actualización do contido das caixas de primeiros auxilios a bordo.
- Facilitación de documentación sanitaria relativa á caixa de primeiros auxilios a bordo (documentos de control dos contidos das caixas de primeiros auxilios, libro de



registro de administración de fármacos a bordo, Guía Sanitaria a Bordo, etc.).

- Convocatoria anual de axudas económicas para a dotación das caixas de primeiros auxilios preceptivas.

FORMACIÓN SANITARIA:

- Impartición de cursos de Formación Sanitaria:
 - Específica Inicial (impártese de xeito presencial e/ou semipresencial, neste último caso, a parte teórica impártese de xeito online e a práctica presencial).
 - Específica Avanzada (impártese de xeito presencial e/ou semipresencial, neste último caso, a parte teórica impártese de xeito online e a práctica presencial).
 - Para actividades subacuáticas.
 - Primeiros auxilios (certificado de Formación Básica).
- Homologación de centros privados para a impartición de formación sanitaria específica.
- Expedición de certificados de formación sanitaria específica.

- Edición de libros de texto e soportes audiovisuais dixitais como apoio didáctico.
- Comunicación da proximidade da caducidade da validez do certificado de formación sanitaria en vigor.

FORMACIÓN MARÍTIMA:

- Divulgación do Plan Anual de Formación, (a través da páxina web da Seguridade Social, folletos, revista Mar), que conterá a relación de cursos a impartir e a súa duración, con indicación do lugar de desenvolvemento.
- Asesoramento e orientación ao traballador do mar en materia de formación marítimo pesqueira.
- Impartición da formación necesaria para desenvolver a actividade laboral no sector marítimo pesqueiro, nos centros que conforman a rede formativa do ISM (Instituto de Formación Profesional Marítimo Pesqueira das Palmas de Gran Canaria, direccións provinciais e locais, centros nacionais de formación).
- Entrega aos alumnos asistentes aos cursos do diploma acreditativo de ter superado a acción formativa ao obxecto de que o organismo competente emita o certificado oficial.
- Desenvolvemento das actividades educativas propias dos niveis de ensino regulado (Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior) na Instituto de Formación Profesional Marítimo-Pesqueira do ISM nas Palmas de Gran Canaria.

ACCIÓN SOCIAL:

- A asistencia aos traballadores do mar, especialmente en caso de abandono de tripulantes por empresas insolventes, tanto

en porto español coma estranxeiro, apremamentos, naufraxios e outros análogos, así como a atención ao mariño emigrante en buques estranxeiros ou plataformas petrolíferas.

- A atención social aos traballadores do mar e aos seus beneficiarios en territorio nacional nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla, en que esta competencia non foi transferida, así como a xestión de hospedaxes para aloxamento de mariñeiros en tránsito tanto en Ceuta e Melilla coma no centro asistencial de Walvis Bay.

PUBLICACIÓNS:

- A edición e distribución de publicacións, unitarias e periódicas, en formato papel e electrónico -con destino aos traballadores e empresas do sector marítimo e pesqueiro-, como medio idóneo para dar a coñecer a actividade institucional, e como apoio aos servizos que presta. Entre elas: Revista Mar, Plan de Formación Profesional Marítima e Sanitaria, Guía Sanitaria a Bordo e campañas divulgativas.
- A difusión de campañas específicas de información sobre cuestións determinadas, de interese para o sector marítimo pesqueiro.
- A edición e distribución de publicacións de carácter divulgativo, en formato papel e electrónico, relativas á xestión de empresarios, traballadores e pensionistas do Réxime Especial dos Traballadores do Mar. Entre elas: O novo complemento para a redución da fenda de xénero, as modalidades de xubilación contributiva, a compatibilidade das prestacións e subsidios por desemprego, a nova cotización dos traballadores autónomos do grupo primeiro do Réxime Especial do Mar e as novidades na prestación por cesamento de actividade.

- A publicación de manuais corporativos dos cursos impartidos segundo o Convenio STCW, para a súa entrega telemática aos alumnos e profesores. Co fin de contribuír á formación e promoción profesional dos traballadores do mar, así como elevar o seu nivel de cualificación e competencia profesional, o Instituto Social da Mariña creou unha liña editorial con manuais de formación profesional marítima e sanitaria.
- Para a súa difusión, o Instituto Social da Mariña pon á súa disposición a plataforma dixital para a xestión das publicacións do Instituto Social da Mariña, ISMARINA PUBLICACIONES, que é unha biblioteca onde se poden encontrar todo tipo de publicacións, tanto gratuítas como son as guías, vídeos e a Revista MAR (agora dispoñible en versión dixital no enderezo web <https://revistamar.seg-social.es>), como de pagamento no caso dos manuais dos diferentes cursos que imparte a Entidade.

INFORMACIÓN:

Facilítase información sobre os fins e competencias do Organismo, en xeral, así como sobre os dereitos dos cidadáns e o modo de facelos valer, a través de distintos medios, tanto na Oficina de Información Administrativa, da sede central da Entidade, como nos distintos centros e dependencias, provinciais e locais, desta.

Así mesmo, a información indicada facilítase tamén na páxina web da Seguridade Social: <http://www.seg-social.es>.

En canto á información do día a día da actividade do Organismo, infórmase puntualmente a través da nova web da Revista Mar <https://revistamar.seg-social.es/>, así como por medio das redes X (antigo twitter) <https://x.com/ismrevistamar> e Facebook <https://www.facebook.com/revistamar.ism>.



III DEREITOS DOS CIDADÁNS

Os dereitos en materia de Seguridade Social dos traballadores do mar e dos seus familiares encóntranse regulados tanto na normativa xeral do Sistema, coma na específica do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, que se relaciona no apartado V desta Carta de Servizos, así como, os dereitos dos cidadáns usuarios dos servizos do ISM.

Así, os cidadáns usuarios teñen dereito a:

- Coñecer o nome do empregado público que lles atenda.
- Ser atendidos, directa e persoalmente, con respecto e deferencia en todas as oficinas do ISM.
- Ser atendidos na lingua que elixan de entre as que sexan oficiais na comunidade autónoma en que se encontre a oficina do ISM a que se dirixan.
- Non ser obrigados a presentar documentos que xa obren en poder da Administración.
- Ser auxiliados, se é o caso, para cubrir os impresos necesarios para o acceso ás prestacións xestionadas polo ISM.
- Obter información e orientación sobre os requisitos xurídicos e/ou técnicos que as disposicións vixentes impoñan para o trámite das prestacións, certificados, recoñecementos médicos previos ao embarque e calquera outro trámite que soliciten.





- Coñecer en todo momento a situación administrativa de calquera expediente no que se teña lexítimo interese.
- Ser notificado no transcurso dos 10 días hábiles seguintes á recepción da solicitude respectiva, sobre o prazo máximo de resolución e os efectos do silencio administrativo.
- Recibir información de interese xeral por medios telefónicos, informáticos e electrónicos.
- Presentar reclamacións, sen o carácter de recursos administrativos, sobre o funcionamento das dependencias do ISM.
- A relacionarse co ISM por medios electrónicos e a ser asistidos no uso destes.

Ademais, en relación coas normas de prevención de riscos e de seguridade e saúde nos centros de traballo, os cidadáns son acredores a:

- Ter seguridade nos accesos ás oficinas e demais dependencias da Entidade mediante a existencia de plans de autoprotección que permitan unha protección integral ante situacións de emerxencia.

Igualmente, os cidadáns terán garantida:

- A igualdade de oportunidades, a non discriminación por razón de discapacidade e a accesibilidade universal.
- A igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, mediante a eliminación da discriminación por razón de sexo.

Por último, os cidadáns, na súa relación co ISM, teñen dereito a que lles sexan respectados os datos de carácter persoal que obren neste como consecuencia da prestación dos seus servizos.



IV PARTICIPACIÓN DE CIDADÁNS E USUARIOS

A participación de cidadáns e usuarios no ISM lévese a cabo a través dos órganos superiores de participación e control da xestión -o Consello Xeral, a súa Comisión Executiva e as Comisións Executivas Provinciais-, nos que, ademais da Administración, están representadas as organizacións empresariais, sindicais e corporacións de dereito público do sector marítimo pesqueiro.

Por outra parte, os cidadáns en xeral e máis concretamente os usuarios dos servizos xestionados polo ISM poderán colaborar na súa mellora a través dos seguintes medios:

- a. Formulación de queixas e suxestións, de acordo co que se expón no apartado VI.
- b. Expresión de opinións a través dos cuestionarios de avaliación aos que se refire o apartado VIII.
- c. Expresión de opinións nas enquisas periódicas que se realicen sobre o grao de satisfacción dos usuarios sobre os distintos servizos prestados pola Entidade e a forma de prestación destes, así como sobre as súas necesidades e expectativas ao respecto.





V NORMATIVA REGULADORA



No presente apartado faise só unha breve referencia á normativa básica de cada unha das epígrafes que se citan. Para consultar a lexislación aplicable, directa ou subsidiariamente, ás prestacións e servizos xestionados polo ISM, pódese acudir á páxina web da Seguridade Social <http://www.seg-social.es> ou á sede electrónica da Seguridade Social <https://sede.seg-social.gob.es>.



Normativa básica xeral:

- **Constitución Española, do 27 de decembro de 1978** [artigos 40.2, 41 e 43] (BOE 29-12-1978).
- **Lei 39/2015, do 1 de outubro**, de Procedemento Administrativo Común (BOE 02-10-2015).
- **Lei 40/2015, do 1 de outubro**, de Réxime Xurídico do Sector Público (BOE 02-10-2015).
- **Lei 47/2015, do 21 de outubro**, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro (BOE 22-10-2015).
- **Lei 31/1995, do 8 de novembro**, de Prevención de Riscos Laborais (BOE 10-11-95).

- **Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro** de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE 06-12-2018).
- **Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social**, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro (BOE 03-12-2013).
- **Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo**, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (BOE 23-03-2007).
- **Lei 9/2017, do 8 de novembro**, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (BOE 09-11-2017).
- **Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril**, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira (BOE 30-04-2012).
- **Lei de Presupostos Xerais do Estado para cada exercicio**.
- **Real Decreto 208/1996, do 9 de febreiro**, polo que se regulan os servizos de información administrativa e atención ao cidadán na Administración Xeral do Estado (BOE 04-03-1996).
- **Real Decreto 951/2005, do 29 de xullo**, polo que establece o marco xeral para a mellora da calidade na Administración Xeral do Estado (BOE 03-09-2005).
- **Real Decreto 366/2007, do 16 de marzo**, polo que se establecen as condicións de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade nas súas relacións coa Administración Xeral do Estado (BOE 24-03-2007).

Normativa básica da Seguridade Social dos Traballadores do Mar:

- **Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social**, aprobado mediante Real Decreto-Legislativo 8/2015, do 30 de outubro (BOE 31-10-2015).
- **Lei 27/2011, do 1 de agosto**, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social (BOE 02-08-2011).
- **Real Decreto 1311/2007, do 5 de outubro** (BOE 24-10-2007), polo que se establecen novos criterios para determinar a pensión de xubilación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar.
- **Regulamento (CE) 883/2004 do Parlamento Europeo e do Consello do 29 de abril de 2004** sobre a coordinación dos sistemas de Seguridade Social e Regulamento (CE) 987/2009 do Parlamento Europeo e do Consello do 16 de setembro de 2009 polo que se adoptan as normas de aplicación do Regulamento (CE) 883/2004, sobre a coordinación dos sistemas de Seguridade Social.





- **Regulamento (UE) n.º 1231/2010 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de novembro de 2010** polo que se amplía a aplicación do Regulamento (CE) n.º 883/2004 e o Regulamento (CE) n.º 987/2009, aos nacionais de terceiros países que, debido unicamente á súa nacionalidade, non estean cubertos por estes.
- **Convenios bilaterais de Seguridade Social** subscritos por España cos seguintes países: Andorra, Arxentina, Australia, Brasil, Cabo Verde, Canadá, Chile, China, Colombia, Corea, Ecuador, Estados Unidos, Filipinas, Marrocos, México, Paraguai, Perú, Rusia, Tunes, Ucraína, Uruguai, Venezuela, República Dominicana, Senegal, Colombia e Xapón.
- **Convenio Multilateral Iberoamericano de Seguridade Social de 10 de novembro de 2007** e o seu Acordo de Aplicación (BOE de 08-01-2011).
- **Real Decreto 84/1996, do 26 de xaneiro**, polo que se aproba o Regulamento Xeral sobre inscrición de empresas, afiliación, altas e baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social (BOE de 27-02-1996).
- **O Real decreto 2064/1995, do 22 de febreiro**, polo que se aproba o Regulamento xeral sobre Cotización e Liquidación doutros dereitos á Seguridade Social (BOE de 25-01-1996).
- **Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño**, polo que se aproba o Regulamento xeral de Recadación da Seguridade Social (BOE de 25-06-2004).



Normativa básica de Desemprego e de Cesamento de Actividade:

- **Real Decreto 625/1985, do 2 de abril** (BOE 07-05-1985), polo que se desenvolve a Lei 31/1984, do 2 de agosto, de Protección por Desemprego (BOE 04-08-1984), que o considera vixente no non expresamente derogado.
- **Real Decreto 1369/2006, do 24 de novembro** (BOE 05-12-2006), polo que se regula o programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego.
- **Real Decreto 1541/2011, do 31 de outubro** (BOE 01-11-2011), polo que se desenvolve a Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos.



Normativa básica do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura:

- **Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xuño de 2021** polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.
- **Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021** polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de



Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

- **Real Decreto 528/2022, do 5 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 1173/2015, do 29 de decembro,** de desenvolvemento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca no relativo ás axudas á paralización definitiva e temporal da actividade pesqueira.
- **Orde ministerial** pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos pescadores de buques pesqueiros españois afectados pola paralización temporal da actividade pesqueira.
- **Ordes de convocatoria para a concesión de axudas** aos pescadores de buques pesqueiros españois afectados pola paralización temporal da actividade pesqueira.

Normativa básica de Sanidade Marítima:

- **Lei 38/2003, do 17 de novembro,** Xeral de Subvencións (BOE 18-11-2003).
- **Real Decreto 1120/2021, do 21 de decembro,** polo que se modifica o Real Decreto

258/1999, do 12 de febreiro (BOE 24-02-1999) polo que se establecen condicións mínimas sobre a protección da saúde e a asistencia médica dos traballadores do mar.

- **Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo** (BOE 25-07-2006), polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- **Real Decreto 869/2007, do 2 de xullo** (BOE 13-07-2007), polo que se regula a concesión de prestacións asistenciais en atención ás situacións especiais derivadas do traballo no mar para traballadores e beneficiarios do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar e se establecen determinados servizos aos traballadores do mar.
- **Real Decreto 1696/2007, de 14 decembro** (BOE 31-12-2007), polo que se regulan os recoñecementos médicos de embarque marítimo.





- **Real Decreto 568/2011, do 20 de abril** (BOE 13-05-2011), polo que se modifica o Real Decreto 258/1999, do 12 de febreiro, polo que se establecen condicións mínimas sobre a protección da saúde e a asistencia médica dos traballadores do mar (Correción de erros do Real Decreto 568/2011, no BOE 15-07-2011).
- **Real Decreto 357/2015, do 8 de maio** (BOE 9-05-2015), sobre cumprimento e control da aplicación do Convenio sobre o Traballo Marítimo, 2006, da Organización Internacional do Traballo, en buques españois.
- **Real Decreto 618/2020, do 30 de xuño**, (BOE 02-07-2020) polo que se establecen as melloras nas condicións de traballo no sector pesqueiro.
- **Orde de 19 de novembro de 1997** (BOE 28-11-1997) pola que se fixan as contías máxima e mínima a reintegrar as empresas inscritas no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, polos gastos que lles ocasione a asistencia sanitaria dos seus traballadores en portos estranxeiros.
- **Orde FOM/1415/2003, do 23 de maio** (BOE 04-06-2003), pola que se regula o sistema de calidade e as auditorías externas esixidas na formación e expedición de títulos para o exercicio de profesións marítimas.
- **Orde PRE/930/2002 do 23 de abril** (BOE 30-04-2002), pola que se modifica o contido das caixas de primeiros auxilios que deben levar a bordo os buques segundo o establecido polo Real Decreto 258/1999, de 12 de febreiro, polo que se establecen condicións mínimas sobre a protección da saúde e a asistencia médica dos traballadores do mar.
- **Real Decreto 1120/2021, do 21 de abril**, polo que se modifica o Real Decreto 258/1999, do 12 de febreiro, polo que se establecen condicións mínimas sobre a protección da saúde e a asistencia médica dos traballadores do mar.
- **Orde PRE/646/2004, do 5 de marzo** (BOE 12-03-2004), pola que se establecen os contidos mínimos dos programas de formación sanitaria específica e as condicións para a expedición e homologación do certificado de formación sanitaria dos traballadores do mar.
- **Orde ESS/2542/2014, do 5 de decembro** (BOE 06-01-2015), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a dotación das caixas de primeiros auxilios das que han de ir provistos os buques. Orde PRE/2315/2015 do 3 de novembro (BOE 05-11-2015), pola que se modifica o contido das boticas de primeiros auxilios que deben levar a bordo os buques segundo o establecido polo Real Decreto 258/1999, de 12 de febreiro, polo que se establecen condicións mínimas sobre a protección da saúde e a asistencia médica dos traballadores do mar.



Normativa básica de Formación Marítima:

- **Real Decreto 269/2022, do 12 de abril**, polo que se regulan os títulos profesionais e de competencia da Marina Mercante.



- **Real Decreto 36/2014, do 24 de xaneiro** (BOE 17-02-2014), polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro.
- **Real Decreto 449/2020, do 10 de marzo** (BOE 11-05-2020), polo que se modifica o Real Decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro, co fin de modernizar os seus requisitos e efectos.
- **Real Decreto 618/2020, do 30 de xuño** (BOE 02-07-2020), polo que se establecen as melloras nas condicións de traballo no sector pesqueiro.
- **Real Decreto 528/2023, do 20 de xuño** (21-06-2023), polo que se modifica o Real Decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro, co fin de establecer condicións específicas para os titulados que leven a cabo determinadas modalidades de pesca.
- **Orde FOM/2296/2002, de 4 de setembro** (BOE 20-09-2002), pola que se regulan os programas de formación dos títulos profesionais de Mariñeiros de Ponte e de Máquinas da Marina Mercante, e de Patrón Portuario, así como os certificados de especialidade acreditativos da competencia profesional.
- **Orde FOM/1415/2003, do 23 de maio** (BOE 04-06-2003), pola que se regula o sistema de calidade e as auditorías externas esixidas na formación e expedición de títulos para o exercicio de profesións marítimas.
- **Orde PRE/646/2004, do 5 de marzo** (BOE 12-03-2004), pola que se establecen os contidos mínimos dos programas de formación sanitaria específica e as condicións para a expedición e homologación do certificado de formación sanitaria dos traballadores do mar.
- **Real Decreto 292/2018, do 18 de maio** (BOE 06-06-2018) polo que se regula o procedemento de acceso e o réxime de prestación da formación profesional marítima e sanitaria do Instituto Social da Mariña.



- **Orde TMS/693/2018, do 28 de xuño** (BOE 30-06-2018) pola que se desenvolve o Real Decreto 292/2018, do 18 de maio, polo que se regula o procedemento de acceso e o réxime de prestación da formación profesional marítima e sanitaria do Instituto Social da Mariña.
- **Real Decreto 449/2020, do 10 de marzo** (BOE 11-05-2020) polo que se modifica o Real Decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro, co fin de modernizar os seus requisitos e efectos.
- **Orde PRE/3264/2008, do 6 de novembro**, (BOE 15-11-2008) pola que se regulan os centros nacionais de formación dependentes do Instituto Social da Mariña.
- **Real Decreto 269/2022, do 12 de abril** (BOE 13-04-2022) polo que se regulan os títulos profesionais e de competencia da Marina Mercante.
- **Orde de 19 de novembro de 1997** (BOE 28-11-1997) pola que se fixan as contías máxima e mínima a reintegrar as empresas inscritas no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, polos gastos que lles ocasione a asistencia sanitaria dos seus traballadores en portos estranxeiros.
- **Orde TAS/29/2008, do 15 de xaneiro**, (BOE 19-01-2008), pola que se desenvolve o Real Decreto 869/2007, do 2 de xullo, polo que se regula a concesión de prestacións asistenciais en atención ás situacións especiais derivadas do traballo no mar para traballadores e beneficiarios do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar e se establecen determinados servizos aos traballadores do mar.
- **Ordes ministeriais** que establecen as bases reguladoras e se efectúan as convocatorias para a concesión polo Instituto Social da Mariña de subvencións a Institucións sen fins de lucro para a realización de actividades socioculturais, e as que establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas de estudos para traballadores e beneficiarios do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar e bolsas de colaboración.

Normativa básica de Acción Social Marítima:

- **Lei 38/2003, do 17 de novembro**, Xeral de Subvencións (BOE 18-11-2003).
- **Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo** (BOE 25-07-2006), polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- **Real Decreto 869/2007, do 2 de xullo** (BOE 13-07-2007), polo que se regula a concesión de prestacións asistenciais en atención ás situacións especiais derivadas do traballo no mar para traballadores e beneficiarios do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar e se establecen determinados servizos aos traballadores do mar.
- **Regulamento n.º 498/2007**, da Comisión, do 26 de marzo de 2007, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1198/2006. Regulamento (CE) n.º 744/2008, do Consello, do 24 de xullo de 2008, polo que se establece unha acción específica temporal para promover a reestruturación das frotas pesqueiras da Comunidade Europea afectadas pola crise económica.



VI PRESENTACIÓN DE QUEIXAS E SUXESTIÓNS SOBRE O FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS

Os cidadáns usuarios poderán efectuar manifestacións de insatisfacción cos servizos prestados, así como formular iniciativas para mellorar a súa calidade, a través da presentación de queixas e suxestións polos seguintes procedementos:

- a. Presencialmente, no formulario que, para o efecto, estará situado en lugar accesible e sinalado de forma visible en cada unidade provincial e local, así como na oficina central de información administrativa, na sede central do Instituto.
- b. Mediante correo postal, dirixido a calquera das oficinas do ISM.
- c. Por correo electrónico ou por Internet a través da páxina web da Seguridade Social <http://www.seg-social.es> ou da Sede Electrónica da Seguridade Social <https://sede.seg-social.gob.es>. En ambos os dous casos a tramitación é a mesma.

Nestes casos, deberán estar subscritas coa sinatura electrónica do interesado.

Os asinantes das queixas e suxestións deben identificarse no espazo reservado para iso no formulario, podendo ser auxiliados, se o desexan, na formulación da súa queixa ou suxestión polos funcionarios responsables.

O titular da unidade afectada responderá aos cidadáns, nun prazo máximo de 20 días

hábiles, informándolles das actuacións realizadas e, no seu caso, das medidas adoptadas. Formuladas as queixas e suxestións por calquera dos modos sinalados nos apartados anteriores, os usuarios recibirán constancia da súa presentación a través do medio que indiquen para iso.

O transcurso do devandito prazo pode suspenderse se a Unidade responsable do trámite require o cidadán información adicional para completar a contestación, que este deberá remitir nun prazo de dez días hábiles. Unha vez recibida a información solicitada ao cidadán, continuarase, ata completarse, o cómputo do prazo indicado. Unha vez transcorrido o devandito prazo sen recibir resposta, o cidadán poderá dirixirse á Inspección de Servizos da Entidade para coñecer os motivos da falta de contestación.

En canto aos efectos das queixas e segundo dispón o art. 19 do RD 951/2005, do 29 de xullo, polo que se establece o marco xeral para a mellora da calidade na Administración Xeral do Estado, estas non terán, en ningún caso, a cualificación de recurso administrativo nin a súa presentación interromperá os prazos establecidos na normativa vixente. Estas queixas non condiciona, de ningunha maneira, o exercicio das restantes accións ou dereitos que, de conformidade coa normativa reguladora de cada procedemento, poidan executar os que figuren nel como interesados.



VII COMPROMISOS DE CALIDADE



O ISM comprométese a prestar aos traballadores do mar os servizos enumerados nesta Carta de servizos -e a respectar os dereitos dos cidadáns nela recollidos-, mediante o impulso da implantación de políticas de xestión da calidade total, con suxeición aos seguintes compromisos de calidade:

Prestacións económicas.

1 O trámite e resolución das prestacións económicas reconecidas ao abeiro da lexislación nacional, levarase a cabo asegurando, en todo caso, a non interrupción

de rendas e, concretamente, nos seguintes tempos máximos dende a presentación completa da solicitude:

- Xubilación: 15 días hábiles.
- Viuvez, orfandade e favor de familiares: 10 días hábiles.
- Incapacidade temporal: 10 días hábiles.
- Nacemento e Coidado de menor: 10 días hábiles.

2 Os estudos previos de xubilación emitiranse nun tempo máximo de 30 días hábiles dende a presentación completa da documentación requirida para o seu trámite.

3 Os informes de bonificación de idade por aplicación de coeficientes redutores da idade de xubilación, os informes e os certificados sobre a condición de pensionista, importes de pensión e retencións para os efectos do IRPF, facilitaranse nun 1 día hábil dende a solicitude.

4 O trámite e a resolución das prestacións e os subsidios de desemprego e por cesamento de actividade levarase a cabo nun tempo máximo de 10 días hábiles, dende a presentación completa da solicitude.

5 A tarxeta sanitaria europea enviarase ao domicilio dos interesados nun prazo de 5 días hábiles dende a solicitude e os formularios de dereito para asistencia sanitaria internacional entregaranse no momento de presentar a súa solicitude.

Inscripción de empresas. Altas, baixas e variacións de datos de traballadores.

6 A formalización da inscrición de empresas, definitiva ou provisional, e a correspondente asignación de códigos de conta de cotización, así como as baixas e variacións, realizárase nun tempo máximo de 1 día hábil, dende o da presentación completa da solicitude.

7 As altas, baixas e variacións de datos dos traballadores tramitaranse nun tempo máximo de 1 día hábil, a contar dende que se presente a documentación requirida para o seu trámite.

8 A asignación de número de Seguridade Social e a expedición do documento de afiliación aos traballadores realizarase nun tempo máximo de 1 día hábil, dende a presentación completa da solicitude.

9 A emisión dos certificados de situación e da vida laboral de traballadores, solicitados polos interesados, efectuarase nun

prazo máximo de 1 día hábil dende a solicitude dende a solicitude.

10 A tramitación das solicitudes de convenio especial realizarase nun tempo inferior ou igual a 5 días hábiles dende a presentación completa da solicitude. No caso de convenios especiais consecuencia dun ERE, o prazo será inferior ou igual a 25 días hábiles.

Sanidade Marítima, Recoñecementos médicos de embarque marítimo.

11 Os recoñecementos médicos de embarque marítimo (RMEM) realizaranse de maneira que os traballadores do sector non efectúen máis de 1 desprazamento ao Centro de Sanidade Marítima.

12 Poñerase a disposición do interesado, ademais do certificado médico de aptitude, un informe médico sobre o seu estado de saúde, con información obxectiva, doadamente comprensible e adecuada ao tipo de recoñecemento practicado, nun prazo máximo de 3 días hábiles dende a finalización do RMEM.

Revisión de caixas de primeiros auxilios.

13 As revisións de caixas de primeiros auxilios regulamentarias realizaranse nun tempo inferior a 5 días hábiles dende a correspondente solicitude, respecto a caixas de primeiros auxilios dos tipos A e B -se as condicións meteorolóxicas o permiten- e a 3 días hábiles para caixas de primeiros auxilios tipo C. Unicamente se exceptuarán os períodos de paro biolóxico e outras situacións análogas que non impliquen especial urxencia.





Buques asistenciais.

